

INFORME

Área intervención

Nº ref.: 23/03/2017

(MLD/mmv)

Asunto: Informe de estabilidade orzamentaria na liquidación do orzamento da Deputación Provincial de Ourense do ano 2016

D^a Mónica Legaspi Díaz, Interventora da Excm. Deputación Provincial de Ourense, de acordo co Art.16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da Lei de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (RDEP), así como o disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sosteñibilidade Financeira, e no artigo 16.4 da Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de suministro de información previstas na LOEPSF, informa o seguinte en relación co cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, da Regra de Gasto e do límite de débeda con motivo da aprobación da liquidación do orzamento de 2016:

1.- Lexislación aplicable

- Regulamentos nº 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio, que aproba o SEC 2010.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sosteñibilidade Financeira, modificada pola Lei Orgánica 4/2012 de 28 de setembro.
- Lei 48/2015, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- RDL 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. (en diante TRLHL)
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

- Real Decreto Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sosteñibilidade financeira das Comunidades Autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público
- Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, pola que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.
- Orden HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica de Sosteñibilidade Financeira, modificada pola Orden HAP/2082/2014, de 7 de novembro.
- Guía para a determinación da Regra de Gasto do artigo 12 da LOEPSF para corporacións locais, 3ª edición (IGAE)
- Manual de Cálculo do Déficit Público, adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola IGAE

2.- Concepto da estabilidade orzamentaria

A Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (en adiante LOEOSF) ten como obxecto o establecemento dos principios reitores, que vinculan a todos os poderes públicos, aos que deberá adecuarse a política orzamentaria do sector público orientada á estabilidade orzamentaria e á sostibilidade financeira, como garantía do crecemento económico sostido e a creación de emprego, en desenvolvemento do artigo 135 da Constitución Española (reformado en setembro do 2011). Este artigo sinala expresamente:

- 1. Todas las Administraciones Públicas adecuarán sus actuaciones al principio de estabilidad presupuestaria.*
- 2. El Estado y las Comunidades Autónomas no podrán incurrir en un déficit estructural que supere los márgenes establecidos, en su caso, por la Unión Europea para sus Estados Miembros.*

Una Ley Orgánica fijará el déficit estructural máximo permitido al Estado y a las Comunidades Autónomas, en relación con su producto interior bruto. Las Entidades Locales deberán presentar equilibrio presupuestario.

...

Según o art. 3 da LO 2/2012 “*la elaboración, aprobación y ejecución de los Presupuestos y demás actuaciones que afecten a los gastos o ingresos de los distintos sujetos comprendidos en el ámbito subjetivo de esta Ley se realizará en un marco de estabilidad presupuestaria, coherente con la normativa europea*”

A LOEOSF define o **principio de estabilidade orzamentaria** como a situación de equilibrio ou superávit estrutural e establece que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos das Administracións Públicas e demais entidades que forman parte do sector público someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria.

Ademais do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, a LOEOSF esixe o cumprimento da **Regra do Gasto** e o **principio de sostibilidade financeira**, referida esta última ao volume de débeda pública.

En canto ao principio de sostibilidade financeira, o artigo 13 da LOEOSF establece o seguinte:

1. *El volumen de deuda pública, definida de acuerdo con el Protocolo sobre Procedimiento de déficit excesivo, del conjunto de Administraciones Públicas no podrá superar el 60 por ciento del Producto Interior Bruto nacional expresado en términos nominales, o el que se establezca por la normativa europea.*

Este límite se distribuirá de acuerdo con los siguientes porcentajes, expresados en términos nominales del Producto Interior Bruto nacional: 44 por ciento para la Administración Central, 13 por ciento para el conjunto de las Comunidades Autónomas y 3 por ciento para el conjunto de las Corporaciones Locales.....

2. *La Administración Pública que supere su límite de deuda pública no podrá realizar operaciones de endeudamiento neto.*

.....

5. *La autorización del Estado, o en su caso de las Comunidades Autónomas, a las Corporaciones Locales para realizar operaciones de crédito y emisiones de deuda, en cumplimiento de lo establecido en el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobada por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, tendrá en cuenta el cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria y de*

deuda pública, así como el cumplimiento de los principios y las obligaciones que se derivan de la aplicación de esta Ley.

No primeiro semestre de cada ano, o Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria, en termos de capacidade ou necesidade de financiación de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, e o obxectivo de débeda pública referidos aos tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores.

En caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, o artigo 21 da LOEOSF senta a obriga de que a administración incumpridora formule un plan económico financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo. O plan económico financeiro elaborado deberá ser presentado ante o Pleno da Corporación no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento, aprobado no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación, e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.

O Regulamento de desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais estableceu (artigo 16.2) que “...a Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes.

O informe emitirase con carácter independente e incorporarse aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

O Interventor local detallará no seu informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Así mesmo, a Intervención da entidade local elevará ao Pleno informe sobre os estados financeiros, unha vez aprobados polo órgano competente, de cada unha das entidades dependentes do artigo 4.2 do presente regulamento.

Cando o resultado da avaliación sexa de incumprimento, a entidade local remitirá o informe correspondente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira con Entidades Locais ou ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, no prazo máximo de 15 días hábiles, contados desde o coñecemento do Pleno.”

Para dar cumprimento ao disposto no art. 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, mediante acordo do Consello de Ministros de 10 de xullo de 2015, determináronse os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2016-2018. O obxectivo para as Entidades Locais consiste en obter cada ano do citado período o equilibrio financeiro ou, por dicilo doutro xeito, que o resultado do indicador capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento para as Entidades Locais sexa 0,0 en cada anualidade do período considerado.

2016	2017	2018
0,00	0,00	0,00

Canto se expuxo permite formular unha primeira consideración, que se refire á necesidade de avaliar o cumprimento do obxectivo de estabilidade Orzamentaria con motivo da aprobación do Orzamento, das Modificacións de Créditos que consistan en créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito e da Liquidación do Orzamento das Entidades Locais. Unha segunda consideración, vinculada á expresada, implica interpretar que corresponde aos Servizos da Intervención Local informar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ao

tramitarse o Orzamento, as Modificacións daquel relativas a Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito e a súa liquidación.

A tal fin elaborouse, pola Intervención Xeral da Administración do Estado o “Manual de cálculo do déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais” (1ª Edición). Á vista do contido do devandito Manual é necesario efectuar as seguintes consideracións previas:

1ª) Da información documental dispoñible na Intervención Provincial dedúcese que forma parte da “Unidade Institucional” Deputación Provincial de Ourense como entidade dependente, o Organismo Autónomo Local de natureza administrativa: INORDE (Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico). En aplicación do artigo 4.1 do Real Decreto 1463/2007, os organismos autónomos e entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus respectivos orzamentos consolidados axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria.

2ª) Faise necesario, por tanto, avaliar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria para cada unha das Entidades citadas e polo conxunto adecuadamente consolidado.

3.- AVALIACIÓN DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA PARA A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE CON MOTIVO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2016

Poderíamos definir este concepto de estabilidade orzamentaria como a existencia dun equilibrio en termos orzamentarios, de execución e liquidación, entre os ingresos e os gastos de natureza non financeira, en termos de contabilidade nacional, de tal forma que, se os ingresos non financeiros superan os gastos non financeiros, teríamos capacidade de financiación e se o caso fora á inversa, é dicir, os gastos superiores aos ingresos entón estaríamos ante unha situación de necesidade de financiación, polo que, existiría inestabilidade, sen perxuízo do cal,

se non se superan os límites fixados polo Goberno para cada exercicio económico non é necesario tramitar Plan Económico-Financeiro de Reequilibrio. A Estabilidade Orzamentaria é unha magnitude ou un indicador que o que pretende é que se limite o aumento do endebedamento por encima da cantidade que se amortiza anualmente.

Según esta definición a estabilidade orzamentaria conséguese cando a suma dos capítulos 1 a 7 do Estado de ingresos é igual ou superior á suma dos capítulos 1 a 7 do Estado de Gastos. Neste caso, ponse de manifesto unha Capacidade de Financiación o cal pode supor un decremento do endebedamento da Entidade Local. En caso contrario, se os gastos son maiores aos ingresos, reflexa unha Necesidade de Financiación o cal suporá un incremento do volume de débeda neta da Corporación.

Analizando a execución e liquidación do orzamento do exercicio 2016 obtemos:

Operacións non financeiras. Capítulos.	Deputación €	INORDE €	Consortio provincial de incendios	Operacións internas €	Consolidado €
Dereitos recoñecidos netos					
1. Impostos directos	4.471.642,48 €	---		---	4.471.642,48 €
2. Impostos indirectos	3.915.451,91 €				3.915.451,91€
3. Taxas, prezos pub. e outros	4.459.657,81 €	15.706,42 €		---	4.475.364,23 €
4. Transferencias correntes	64.646.054,43 €	1.927.426,71 €	2.327.561,73 €	-2.368.074,54	66.532.968,33 €
5. Ingresos patrimoniais	238.180,12 €	21.077,56 €		---	259.257,68 €
6. Alleam. investimentos reais	18.557,17 €	----		---	18.557,17 €
7. Transferencias de capital	797.701,97 €	43.235,79 €		----	840.937,76 €
Total DRN operacións non financeiras (1)	78.547.245,89 €	2.007.446,48 €	2.327.561,73 €	-2.368.074,54 €	80.514.179,56 €
Obrigas recoñecidas netas					

1.Gastos de persoal	28.172.349,07 €	923.096,31 €	86.053,64 €	---	29.181.499,02 €
2.Gastos corr. bens e servizos	14.772.032,31 €	709.671,35 €	857.762,73 €	---	16.339.466,39 €
3.Gastos financeiros.	23.295,84 €	-----	396,83 €	---	23.692,67 €
4.Transferencias correntes	11.622.315,44 €	293.413,63 €		-2.368.074,54	9.547.654,53 €
6. Investimentos reais	12.630.140,76 €	301.438,72 €	5.384,50 €	---	12.936.963,98 €
7. Transferencias de capital	6.778.117,62 €	-----		----	6.778.117,62 €
Total ORN operacións non financeiras (2)	73.998.251,04 €	2.227.620,01 €	949.597,70	-2.368.074,54	74.807.394,21 €
CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO (1-2) SEN AXUSTAR	4.548.994,85 €	-220.173,53 €	1.377.964,03 €	0,00	5.706.785,35 €

Da comparación da liquidación dos capítulos 1 a 7 do estado de ingresos, e dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos da Deputación Provincial, do INORDE e do Consorcio Provincial de Incendios en termos consolidados, resulta un superávit orzamentario de 5.706.785,35 €, en termos de capacidade de financiación.

Non obstante, e tendo en conta que a capacidade ou necesidade de financiamento debe calcularse segundo o SEC95, é preciso efectuar determinados axustes coa finalidade de adaptar a contabilidade orzamentaria ós criterios de cálculo do déficit/superávit do SEC. Para a realización destes axustes, seguiranse os criterios especificados pola IGAE no "Manual de cálculo do déficit na contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais". Os citados axustes son os que se relacionan de seguido:

A.- AXUSTES NOS INGRESOS:

A.1.- Capítulos 1, 2 e 3 de ingresos: en contabilidade nacional o criterio para a imputación dos ingresos fiscais e asimilados ou directamente relacionados con eles e con efecto no déficit

público, é o de caixa. Pola contra, na contabilidade orzamentaria o seu rexistro realizase no intre en que se recoñece o dereito, que pode ser previo ou simultáneo ó cobro. O axuste a realizar ven determinado pola diferenza entre os dereitos recoñecidos pola corporación local e a recadación total en caixa correspondente a ditos ingresos, tanto do orzamento corrente como de exercicios pechados. Si o importe dos dereitos recoñecidos supera os cobros dos exercicios correntes e pechados efectuarase un axuste negativo dando lugar a un menor superávit. No caso contrario, si os cobros dos exercicios correntes e pechados superan os dereitos recoñecidos, dará lugar a un axuste positivo que incrementará o superávit da Deputación. De acordo con isto, o importe dos axustes a realizar é o seguinte:

CAPÍTULO	DEREITOS RECOÑ. NETOS	RECAD NETA CORRENTE	RECAD NETA PECHADOS	RECAD NETA TOTAL	AXUSTE
1	4.471.642,48	3.712.913,63	892.030,03	4.604.943,66	133.301,18
2	3.915.451,91	3.915.451,91	0,00	3.915.451,91	0,00
3	4.459.657,81	3.346.315,19	1.567.693,79	4.914.008,98	454.351,17
TOTAL DIPUTACIÓN	12.846.752,20	10.974.680,73	2.459.723,82	13.434.404,55	587.652,35
1	-----	-----	-----	-----	-----
2	-----	-----	-----	-----	-----
3	15.706,42	14.602,29	5.172,57	19.774,86	4.068,44
TOTAL INORDE	15.706,42	14.602,29	5.172,57	19.774,86	4.068,44
TOTAL AXUSTE CAP I A III					591.720,79

Por este concepto deberá realizarse un axuste positivo por importe de **591.720,79** euros, o que supón un maior superávit orzamentario da Entidade.

A.2. Capítulos 4 e 7.

- Operacións entre entes do grupo ou con outras Administracións

En contabilidade nacional respetaranse os criterios de contabilización aos que estea suxeito o pagador da transferencia. Polo tanto, unha vez fixado o momento no que se rexistra o gasto polo pagador, o perceptor da transferencia deberá contabilizala simultaneamente e polo mesmo importe que figure nas contas daquel. Así realizarase un axuste positivo se as obrigas recoñecidas na unidade pagadora son maiores que os dereitos liquidados na perceptora, e polo contrario realizarase un axuste negativo se as obrigas recoñecidas na unidade pagadora son menores que os liquidados na perceptora.

No caso concreto da Deputación Provincial de Ourense, a correcta realización dos axustes citados implica unha elevada dificultade, xa que as administracións públicas concedentes nunca comunican o estado orzamentario (fase contable) das transferencias que conceden. Nalgúns casos conséguese que notifiquen que a xustificación foi aceptada e que procederán a efectuar o pago correspondente, circunstancia que é interpretada no sentido de considerar que a administración concedente reconece nese intre temporal a obriga derivada da citada subvención. Ante tal situación:

- a) con respecto aos axustes positivos: non procedería, por prudencia, a realización de axustes positivos xa que non se ten constancia documental, con respecto ás subvencións con dereitos pendentes de recoñecer a 31/12/16 aínda que xa xustificadas, de que a administración concedente rexistrara no exercicio 2016 na súa contabilidade o recoñecemento da obriga correspondente.
- b) con respecto aos axustes negativos: non procedería a realización de axustes negativos xa que os dereitos recoñecidos pola Deputación Provincial de Ourense nos capítulos 4 e 7 de ingresos teñen a súa fundamentación no ingreso efectivo nas contas provinciais (cando pola administración concedente non se notifica con carácter previo a realización do pago correspondente). Polo tanto cando se contabiliza tal ingreso tamén o ente concedente terá rexistrada contablemente dita transferencia.

- Participación nos ingresos do Estado

Un axuste que cabe realizar constitúe o importe que se reintegrou durante 2016 ao Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas correspondentes aos exercicios 2008, 2009 e 2013 polo concepto de Participación nos Tributos do Estado, que opera sumando aos dereitos recoñecidos netos. Concretamente:

Devolución liquidación PIE 2008 en 2016 (+)	0,00
Devolución liquidación PIE 2009 en 2016 (+)	3.796.502,52
Devolución liquidación PIE de exercicios distintos a 2008 e 2009 (+)	1.911.064,85

A.3. Capítulo 5: En contabilidade nacional rexe o principio de devengo, polo tanto, a fin de exercicio deberán incorporarse os intereses explícitos devengados no exercicio, tanto os vencidos como os non vencidos. Efectuarase un axuste pola diferenza entre os dereitos recoñecidos no orzamento e os intereses devengados, de xeito que este axuste será positivo se o importe dos dereitos recoñecidos é inferior ao importe devengado, e un axuste negativo en caso contrario. No caso particular da Deputación Provincial de Ourense, e de acordo co principio de importancia relativa, os xuros devengados a favor da Deputación por depósitos en contas bancarias con un importe significativo son os devengados nas entidades financeiras. Os vencementos dos mesmos son trimestrais aboándose e imputándose ó orzamento de ingresos o derradeiro día do trimestre natural, polo que non é preciso realizar axuste ningún ó coincidir os importes devengados en cada exercicio cos importes imputados orzamentariamente.

B.- AXUSTES NOS GASTOS

En contabilidade nacional os gastos impútanse, xeralmente, de acordo co “principio de devengo”, mentras que no orzamento rixe o criterio de caixa e o gasto contabilízase no exercicio no que se recoñece e liquida a obriga (ORN)

B.1. Capítulo 3: En contabilidade nacional rexe o principio de devengo, polo tanto, a fin de exercicio deberán incorporarse os intereses explícitos devengados no exercicio, tanto os vencidos como os non vencidos. Efectuarase un axuste pola diferenza entre as obrigas recoñecidas no orzamento e os intereses devengados, de xeito que este axuste será negativo (maior déficit) se o importe das obrigas recoñecidas é inferior ao importe devengado, e un axuste positivo (menor déficit) en caso contrario.

Polo que respecta ós xuros vencidos no ano 2016 e devengados no ano 2015 realízase o axuste inverso.

Na Deputación Provincial de Ourense hai varios préstamos cuxo período de amortización trimestral ou anual non coincide cos trimestres ou co ano natural se ben, dada a case nula importancia dos mesmos no que respecta ao importe dos intereses, non se procederá a realizar os axustes especificados.

B.2. Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento. A conta 413 “Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento”, recolle as obrigas derivadas de gastos realizados ou bens ou servizos recibidos para os que non se produciu a súa aplicación ao orzamento, sendo procedente a súa aplicación.

O acto administrativo de recoñecemento dunha obriga prodúcese unha vez realizada a prestación a cargo do acreedor ou o nacemento do seu dereito en virtude de norma legal. Entre un e outro momento pode mediar un lapso de tempo que depende de diversas circunstancias formais, motivo polo cal, á data do peche do exercicio deberán rexistrarse aquelas obrigas vencidas, líquidas e por tanto esixibles, que se produciran aínda que non se dítaran os correspondentes actos administrativos de recoñecemento e liquidación. O principio de

deveno imponse en contabilidade nacional como principio xeral para calquera fluxo económico, e en particular, para as obrigas. Polo tanto, se o saldo final da conta 413 é maior (menor) que o inicial, a diferenza dará lugar a un axuste como maior (menor) gasto non financeiro en contabilidade nacional, aumentando (diminuíndo) o déficit da corporación local.

O saldo inicial da conta 413 é de 915,36 € e o saldo final é de 22.135,08 €, polo tanto procederá un axuste negativo por importe de 22.135,08 euros.

C. CÁLCULO OBXECTIVO ESTABILIDADE ORZAMENTARIA EN TERMOS CONSOLIDADOS

Para que exista unha situación de capacidade de financiamento a suma dos capítulos 1 a 7 do orzamento de ingresos deberá ser superior á suma dos capítulos 1 a 7 de gastos, unha vez practicados os axustes que correspondan segundo os apartados anteriores.

En consecuencia, a diferenza entre os dereitos e obrigas recoñecidas dos capítulos 1 ao 7 (non financeiros), unha vez efectuados os axustes en termos de contabilidade nacional a nivel consolidado, é a seguinte:

Dereitos recoñecidos capítulos 1 a 7	82.882.254,10 €
Obrigas recoñecidas capítulos 1 a 7	77.175.468,75 €
Diferenza	5.706.785,35 €
Axustes positivos (menor déficit)	6.299.288,16 €
Axustes negativos (maior déficit)	22.135,08 €
Déficit non financeiro/necesidade de financiamento en termos do SEC 95	
Superávit non financeiro/capacidade de financiamento en termos do SEC 95	11.983.938,43 €

Por outra banda, existen outras magnitudes orzamentarias e económico -financeiras que se obteñen da Liquidación do orzamento de 2016 que tamén poñen de manifesto a situación económica da entidade, e que xunto á estabilidade orzamentaria, contribúen a dar unha imaxe do saneamento da entidade, como son o resultado orzamentario axustado ou o remanente de tesourería para gastos xerais. Así, o resultado orzamentario do exercicio 2016 é positivo por importe de 18.022.879,58 €, e o remanente de tesourería para gastos xerais é tamén positivo por importe de 22.428.129,18 €.

D. DESTINO DO SUPERÁVIT ORZAMENTARIO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

O artigo 32 da LOEPSF (redactado polo apartado once do artigo primeiro da Lei Orgánica 9/2013) sinala que no suposto de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, éste destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se éste fora inferior ao importe do superávit a destinar á redución da débeda

Asimesmo, a Disposición adicional octogésima segunda da Lei 48/2015, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016 dispón que en relación ao destino do superávit orzamentario correspondente ao ano 2015 prorrogase para 2016 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da LO 2/2012, para o que se deberá ter en conta a disposición adicional decimosexta do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A DA 6ª da LOEPSF (introducida polo apartado quince do artigo primeiro da L.O 9/2013) establece unhas regras especiais para o destino do superávit orzamentario e que consisten no seguinte: *“1. Será de aplicación lo dispuesto en los apartados siguientes de esta disposición adicional a las Corporaciones Locales en las que concurran estas dos circunstancias:*

a) *Cumplan o no superen los límites que fije la legislación reguladora de las Haciendas Locales en materia de autorización de operaciones de endeudamiento.*

b) *Que presenten en el ejercicio anterior simultáneamente superávit en términos de contabilidad nacional y remanente de tesorería positivo para gastos generales, una vez descontado el efecto de las medidas especiales de financiación que se instrumenten en el marco de la disposición adicional primera de esta Ley.*

2. *En el año 2014, a los efectos de la aplicación del artículo 32, relativo al destino del superávit presupuestario, se tendrá en cuenta lo siguiente:*

a) *Las Corporaciones Locales deberán destinar, en primer lugar, el superávit en contabilidad nacional o, si fuera menor, el remanente de tesorería para gastos generales a atender las obligaciones pendientes de aplicar a presupuesto contabilizadas a 31 de diciembre del ejercicio anterior en la cuenta de «Acreedores por operaciones pendientes de aplicar a presupuesto», o equivalentes en los términos establecidos en la normativa contable y presupuestaria que resulta de aplicación, y a cancelar, con posterioridad, el resto de obligaciones pendientes de pago con proveedores, contabilizadas y aplicadas a cierre del ejercicio anterior.*

b) *En el caso de que, atendidas las obligaciones citadas en la letra a) anterior, el importe señalado en la letra a) anterior se mantuviese con signo positivo y la Corporación Local optase a la aplicación de lo dispuesto en la letra c) siguiente, se deberá destinar, como mínimo, el porcentaje de este saldo para amortizar operaciones de endeudamiento que estén vigentes que sea necesario para que la Corporación Local no incurra en déficit en términos de contabilidad nacional en dicho ejercicio 2014.*

c) *Si cumplido lo previsto en las letras a) y b) anteriores la Corporación Local tuviera un saldo positivo del importe señalado en la letra a), éste se podrá destinar a financiar inversiones siempre que a lo largo de la vida útil de la inversión ésta sea financieramente sostenible. A estos efectos la ley determinará tanto los requisitos formales como los parámetros que permitan calificar una inversión como financieramente sostenible, para lo que se valorará especialmente su contribución al crecimiento económico a largo plazo.*

Para aplicar lo previsto en el párrafo anterior, además será necesario que el período medio de pago a los proveedores de la Corporación Local, de acuerdo con los datos publicados, no supere el plazo máximo de pago previsto en la normativa sobre morosidad.

3. (...)

4. El importe del gasto realizado de acuerdo con lo previsto en los apartados dos y tres de esta disposición no se considerará como gasto computable a efectos de la aplicación de la regla de gasto definida en el artículo 12.

Resultado de todo o anterior o destino do Superávit da Deputación de Ourense do exercicio 2016 é o seguinte:

APLICACIÓN DO ART 32 LOEPSF: DESTINO DO SUPERAVIT ORZAMENTARIO

	2016	Observaciones
Superávit	11.983.938,43 €	Aplícase o art 32 LOEPSF
RTGG	22.428.129,18 €	
DÉBEDA VIVA	19.872.942,88 €	Aplícase o art 32 LOEPSF

APLICACIÓN DA D.A.6ª DA LOEPSF no exercicio 2017

	2016	Observaciones
Nivel Endebemento	25,57 %	Aplícase a DA6 LOEPSF se se cumpren os outros requisitos
Superávit	11.983.938,43 €	Aplícase a DA6 LOEPSF
RTGG	22.428.129,18 €	

Polo tanto, o superávit orzamentario deberá ser destinado ao disposto no apartado 2 da DA 6ª da LOEPSF.

O artigo 28.f) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información e Bo Goberno establece que constitúe infracción moi grave non destinar o superávit da liquidación nos termos que establece o artigo 32 e a Disposición Adicinal Sexta da LOEPSF.

4. ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DA REGRA DO GASTO

O artigo 12 da LOEPSF sinala que a variación do gasto computable das Corporacións Locais non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, que foi fixada para o exercicio 2016 no 1,8 %, o que constitúe un control ao incremento dos orzamentos locais por parte do Estado.

Nas corporacións locais enténdese por gasto computable os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiación.

Asímesmo, o importe do gasto realizado dacordo co previsto nos apartados 2 e 3 da DA 6ª da LO 2/2012, non se considerará gasto computable a efectos da aplicación da regra do gasto.

Sobre a magnitude así calculada, aplícase a taxa de referencia do crecemento do Produto Interior Bruto da economía española.

Os cambios normativos (modificación de ordenanzas fiscais, cambios legais...) para incrementar de forma permanente a recadación de tributos e demais ingresos de dereito público, poderán incrementar o gasto por encima da regra de gasto no incremento da recadación que se prevea obter.

Polo contrario, se a entidade local adopta cambios normativos que vaian dar lugar a unha redución da recadación, o incremento posible do gasto para o exercicio seguinte reducirase pola redución da recadación que se prevea que se vai a producir.

Para determinar o límite de regra de gasto débense considerar os datos da liquidación de 2015.

O resultado do análise de cumprimento da Regra de Gasto deste exercicio en termos consolidados é o seguinte:

CÁLCULO DO GASTO COMPUTABLE		Liquidación	2015
		Obrigas Recoñecidas	
	(+) Capítulo 1: Gastos de persoal	27.031.774,46 €	
	(+) Capítulo 2: Compra de bens e servizos	15.562.880,95 €	
	(+) Capítulo 3: Gastos financeiros	199.528,16 €	
	(+) Capítulo 4: Transferencias correntes	8.052.823,82 €	
	(+) Capítulo 6: Inversións	14.877.187,45 €	
	(+) Capítulo 7: Transferencias de capital	3.111.130,06 €	
	Suma de Gastos non Financeiros (Cap 1 a 7):	68.835.324,90 €	
	(-) Intereses da débeda computados no capítulo 3 de gastos financeiros	199.528,16 €	
1	Empregos nno Financeiros (Cap 1 a 7)- Interese da débeda:	68.635.796,74 €	
2	(+/-) Axustes según SEC	-14.660,79 €	
3	(-) Gastos financiados con fondos finalistas procedente de outras AAPP's	1.440.733,37 €	
4	(-) Inversións financeiramente sostibles	5.343.972,52 €	
5	(-) Pagos por transferencias e outras operacións internas a outras entidades que integran a Corporación Local	1.639.487,01 €	
	(a) Total Gasto Computable(a=1+2-3-4-5)	60.196.943,05 €	
	(b)Taxa de referencia de crecemento do PIB para o ano 2016	1,80%	
	(c) Gasto computable incrementado pola taxa de referencia (a*(1+b))	61.280.488,02 €	
6	(+) Cambios Normativos que supoñan incrementos permanentes da recadación (Potestativo)Art 12.4 LOEPSF	0,00 €	
7	(-) Cambios Normativos que supoñan decrementos permanentes da recadación (Obrigatorio)Art 12.4 LOEPSF	0,00 €	
	(d) LIMITE DA REGLA DE GASTO (c+6-7)	61.280.488,02 €	

CÁLCULO DO GASTO COMPUTABLE		Liquidación 2016
		Obrigas Recoñecidas
	(+) Capítulo 1: Gastos de persoal	29.181.499,02 €
	(+) Capítulo 2: Compra de bens e servizos	16.339.466,39 €
	(+) Capítulo 3: Gastos financeiros	23.692,67 €
	(+) Capítulo 4: Transferencias correntes	11.915.729,07 €
	(+) Capítulo 6: Inversións	12.936.963,98 €
	(+) Capítulo 7: Transferencias de capital	6.778.117,62 €
	Suma de Gastos nonFinanceiros (Cap 1 a 7):	77.175.468,75 €
	(-) Intereses da débeda computados no capítulo 3 de gastos financeiros	23.692,67 €
7	Empregos non Financeiros (Cap 1 a 7)- Interese da débeda:	77.151.776,08 €
8	(+/-) Axustes según SEC	3.577,91 €
9	(-) Gastos financiados con fondos finalistas procedente de outras AAPP's	784.133,57 €
10	(-) Inversións financeiramente sostibles	11.168.230,30 €
11	(-) Pagos por transferencias e outras operacións internas a outras entidades que integran a Corporación Local	2.368.074,54 €
	(e) Total Gasto Computable(e=7+8-9-10-11)	62.834.915,58 €
	(f) Cumprimento/Incumplimento Regra de Gasto (d >= e)	INCUMPLE
	(g) Porcentaxe de Variación Gasto Computable 2015 e 2016 ((e/a)-1) antes de aplicar a taxa de referencia de crecemento do PIB e os cambios normativos	4,38%

Visto o incumplimento do obxectivo da regra de gasto, e segundo o artigo 21 da LOEOSF a Deputación Provincial deberá formular un plan económico financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo. O plan económico financeiro elaborado deberá ser presentado ante o Pleno da Corporación no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumplimento, aprobado no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación, e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumplimento.

5. ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DO LÍMITE DE DÉBEDA

O artigo 13 da LOEPSF establece a obriga de non rebasar o límite de débeda pública que foi fixado no 3,4 % do PIB para o exercicio 2016.

Da redación literal da Orde Ministerial HAP/2015/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de información previstas na LOEPSF parece deducirse a obriga de comprobar, coa liquidación do Orzamento, o cumprimento do obxectivo do Límite de Débeda. Para a Administración Local non se estableu en termos de ingresos non financeiros o obxectivo de límite de débeda para este ano e, por tanto resultan de aplicación os límites que establecía o artigo 53 do TRLHL e que é obxecto de estudo no Informe de Intervención en canto ao exámen do Nivel de Endebemento da Deputación Provincial.

O volume de débeda viva a 31/12/2016, en términos de porcentaxe sobre os ingresos correntes é de 25,57 %.

Polo que se informa que o nivel de débeda así calculado estaría por debaixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do TRLHL, e por debaixo do límite que estableceu a Disposición Adicional 74ª da LPGE para 2014, do 75% dos ingresos correntes, aplicable como límite para concertar novas operacións de préstamo durante o 2017.

6. DÉBEDA COMERCIAL: PERÍODO MEDIO DE PAGO

A modificación da LOEPSF pola Lei Orgánica 9/2013 de control da débeda comercial no sector público, supón a introducción dunha nova regra fiscal de obrigado cumprimento para as Administracións Públicas por aplicación do principio de sosteñibilidade financeira que se reformula incluíndo no mesmo, ademais da débeda financeira, a débeda comercial cuxo pago se verificará a través do indicador: Período medio de pago.

Este novo parámetro constitúe un indicador económico cuxo cálculo foi desenrolado polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.

O período medio de pago da débeda comercial situouse a 31 de decembro de 2016 en:

Diputación Prov. de Ourense	6,70
Inst. Ourenseano Desenvolvemento Económico INORDE	7,75

6. CONCLUSIÓNS

A liquidación do orzamento consolidado do exercicio 2016 da Deputación Provincial de Ourense, o seu organismo autónomo INORDE e o Consorcio Provincial de Incendios:

A.- Cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, producíndose unha **situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación** de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais. A capacidade de financiación ao peche do exercicio é de **11.983.938,43 €**

B.- Incumpre co obxectivo de regra de gasto, habendo unha diferenza entre o límite de regra de gasto e o gasto computable ao peche do exercicio **de 1.554.427,56 euros** con unha variación do gasto computable do 4,38 %, polo que o Pleno deberá aprobar un Plan Económico – Financiero de reequilibrio. Desta cifra total consolidada, o importe de 949.200,87 euros corresponden ao Consorcio Provincial de incendios, que ao ser creado a mediados do exercicio 2016, o importe de comparación no 2015 é cero. Polo tanto, aos efectos de homoxeneizar os datos da regra de gasto procedería restar este importe para ter un resultado real do incumprimento que se elevaría de facto a **605.226,69 euros**.

C.- Cumpre co límite de débeda, ascendendo o volume de débeda viva a 19.872.942,88 €, que supón o 25,57 % dos ingresos correntes de carácter ordinario.

D.- O período medio de pago está dentro do establecido

Este é o informe que en cumprimento do imperativo legal se emite, sen perxuízo de calquer outro mellor fundado en dereito.

Ourense, a 23 de marzo de 2017

A interventora

Mónica Legaspi Díaz